

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de xullo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cincuenta minutos do día trece de xullo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(698).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(699).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNIS FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010 DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DAS SÚAS INSTALACIÓNS ANEXAS. EXPEDIENTE 3574/321.

Dáse conta do informe-proposta do 12/07/17, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

"I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 1 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o expediente de contratación número 3574/320 do Servizo de información cidadá a través do teléfono 010 da concellería de Participación Cidadá e das súas instalacións anexas, e abrir procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- En data 9 de xuño 2017, publicase no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- En datas 30 de xuño e 5 de xullo de 2017, xa aberto o prazo para a presentación de ofertas, CLECE, SA, en escritos presentados no Rexistro Xeral deste Concello, formula diversas cuestións, e solicita información complementaria, así como unha visita as instalacións.

Cuarto.- En data 7 de xullo, CONTACTNOVA, SL, por correo electrónico, solicita a aclaración de determinados conceptos.

Reprodúcense no seguinte apartado as aclaracións solicitadas e as respostas as mesmas.

II.- Aclaracións

1º.- CLECE SA solicita que se lle facilite a porcentaxe do absentismo que se mantén no servizo

Debe indicarse que esta administración non pode acceder ao solicitado xa que non dispón da dita información.

2º.- CLECE solicita información sobre si existen complementos persoais ou doutra índole que afecten ao persoal fóra do convenio de aplicación

Debe indicarse que a actual empresa contratista, en cumprimento do disposto no artigo 120 do TRLCSP, facilitou a esta Administración a lista dos traballadores, que no seu caso, ao seu xuízo, puideran ter dereito á subrogación. Esta información está incluída no Anexo I do Prego de Prescricións Técnicas do Contrato, para que os licitadores poidan calcular os custes de persoal. Esta Administración non dispón de máis información, pero, á vista da doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, a información facilitada é suficiente para calcular estes custes salariais. Por todas citamos a RTACRC 20/2015 *“La información facilitada en el Anexo III del PCAP de los trabajadores a subrogar es la fecha de antigüedad del trabajador, el tipo de contrato y la categoría. Con esta información, estima el Tribunal que es suficiente para que el potencial licitador conozca sin más, el coste laboral de los trabajadores”*.

3º.- CLECE solicita que se faciliten os documentos TC's do persoal afecto ao servizo

O facilitar a citada documentación suporía unha vulneración da lexislación en materia de protección dos datos de carácter persoal, polo que non procede facilitala.

4º.- Con respecto a solicitude de visita as instalacións formulada por CLECE

Compre indicar que no perfil do contratante, en data 11 de xullo anunciouse a posibilidade de visitar as instalacións o día 14 de xullo, en horario de 10.00 a 13.00 horas.

5º.- CONTACTNOVA, SL, por medio de correo electrónico de data 7 de xullo de 2017, ten solicitado aclaración respecto dos conceptos incluídos dentro do concepto de custe laboral total

Se reproducen, neste punto, as consideracións expostas no apartado 2º destas aclaracións.

III.- Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar as respostas as cuestións formuladas polas empresas CLECE SA, CONTACTNOVA, SL, e contidas neste informe”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(700).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 588/217, DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS, RELATIVA AO CONTRATO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 98714/210.

A xefa do servizo de Contratación, con data 11/07/17, emite o seguinte informe:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 588/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 480/2017, interposto por D. Miguel Ángel López-Medel Báscones, en nome e representación de HIEZ HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK, SA., contra os pregos do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento da sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 12 de abril de 2017. Na mesma o TACRC estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Estimar o recurso interposto por D. Miguel Ángel López-Medel Báscones, en nome e representación de HIEZ HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK, SA contra os pregos do procedemento “Servizo para o mantemento da sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo” Expte. 98714-210, convocado polo Concello de Vigo, acordando a nulidade do procedemento de contratación.

Segundo.- Alzar a medida cautelar de suspensión do procedemento en aplicación do artigo 47.4 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 588/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 480/2017, interposto por D. Miguel Ángel López-Medel Báscones, en nome e representación de HIEZ HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK, SA., contra os pregos do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento da sinalización horizontal e vertical do Concello

de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 12 de abril de 2017. Na mesma o TACRC estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Estimar o recurso interposto por D. Miguel Ángel López-Medel Báscones, en nome e representación de HIEZ HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK, SA contra os pregos do procedemento “Servizo para o mantemento da sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo” Expte. 98714-210, convocado polo Concello de Vigo, acordando a nulidad do procedemento de contratación.

Segundo.- Alzar a medida cautelar de suspensión do procedemento en aplicación do artigo 47.4 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4(701).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 5266/241.

Dáse conta do informe-proposta do 12/07/17, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos del Sector Público (RLCSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xuño de 2015 a Xunta de Goberno Local, en adiante XGL, aprobou a composición da Mesa de Contratación do Concello de Vigo.

Segundo.- en data 10 de xuño de 2016 a XGL modificou a composición da Mesa por mor da incorporación da funcionaria, D^a. Ángela Fernández López, en calidade de secretaria.

Terceiro.- En data 13 de xaneiro de 2017 modificouse a denominación dos postos dos suplentes da titular da Asesoría Xurídica, para axustalos ás denominacións derivadas do acordo da Xunta de Goberno local do 4 de marzo de 2016, de reestruturación organizativa e funcional dos servizos xurídicos municipais.

Cuarto.- En data 11 de xullo de 2017 solicítase mediante dilixencia de Intervención que se engada como suplente do Interventor Xeral a D^a Olga Gómez Corbal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lei de contratos impón como órgano necesario de asistencia aos órganos de contratación das Administracións Públicas nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade aos que se refire o artigo 177.1, a Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas. En cambio, nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación (artigo 320 TRLCSP). No caso do Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno local do 15 de xullo de 2011, a Mesa é obrigatoria tamén para os procedementos negociados sen publicidade.

Segundo.- Establécese unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais na disposición adicional segunda do TRLCSP, no seu punto 10. En cumprimento desta disposición, a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, aprobou, mediante acordo de data 26 de xuño de 2015, a composición da súa mesa.

Terceiro.- En función do exposto nos antecedentes, procede modificar a súa composición no tocante aos suplentes do Interventor Xeral.

Cuarto.- En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación para incorporar como suplente do Interventor Xeral á Interventora Xeral Adxunta D^a Olga Gómez Corbal.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

1. Presidente: D. David Regades Fernández, concelleiro delegado de Contratación.
Suplentes:

- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- D. Carlos López Font
- D. Santos Héctor Rodríguez
- D^a. María José Caride Estévez
- D^a. María Jesús Lago Rey

2. Vogais:

- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplentes: D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María José Caride Estévez e D^a. María Jesús Lago Rey
- D^a. Elena Muñoz Fonteriz, suplentes: D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias
- D. Rubén Pérez Correa, suplentes: D^a. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez

3. Titular da Asesoría Xurídica

Suplentes:

- D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil
- D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento
- D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe Área Xudicial

4. Interventor Xeral:

Suplentes:

- D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro
- D^a Olga Gómez Corbal, Interventora Xeral Adxunta
- D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización
- D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral

5. *Secretario Xeral do Pleno:*

- Suplente: secretario da Administración Municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

6. Xefe do servizo xestor do expediente que se trate ou persoa na que delegue

7. *Secretario:*

- D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
- D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración Xeral

Suplente: D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración Xeral

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Mesa de Contratación para os efectos oportunos."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(702).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO. EXPTE. 13809/77.

Visto o informe xurídico do 10/02/17 e o informe de fiscalización do 07/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a concesión, de axudas económicas a persoas traballadoras autónomas autónomas e micropemes, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo (en *espazos de traballo compartidos entre varias persoas usuarias(coworking)*) entre as persoas traballadoras autónomas e microempresas de Vigo, dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2017**. Están dirixidas a fomentar o emprego e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornas colaborativas ofertadas por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a colaboración empresarial ou con profesionais independentes doutras actividades, reducindo custes de funcionamento e mellore a información, formación a colaboración e a oferta de servizos empresariais.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprendemento e a consolidación empresarial, veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- ...”

A efectos da presente convocatoria, as beneficiarias desta convocatoria son as persoas empregadas autónomas a as microempresas que teñen a súa sede social e fiscal en Vigo, e teñen en aluguer espazos en empresas instaladas no termo municipal de Vigo.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación empresarial mediante o fomento do traballo en entornas colaborativas. Como novidade respecto á convocatoria do ano anterior, terase en conta a calidade da xustificación da axuda concedida ás beneficiarias desa convocatoria e, ademais, terase en conta a antigüidade da constitución da microempresa ou alta como autónomo; así como as novidades introducidas pola Lei 39/2015 de PAC das AAPP, sobre todo relativo ao artigo 28.2 que indica que os interesados non están obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración; e o relativo aos días hábiles.

Conforme as observacións do informe da intervención municipal, se ten procedido a subsanar os seguintes erros:

- No apartado 1 do informe proposta, a referencia ás bases para “o fomento do emprego”, se ten substituído por “o fomento do emprendemento”.
- No Anexo I das Bases, se modifica a referencia á Lei 35/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola correcta Lei 39/2015 de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En relación ao exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

1. *Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo”, correspondentes ao ano 2017 que se achegan no Anexo I.*
2. *Aprobar, o gasto, por importe de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida presupostaria 2410 4700001 “Axudas á creación de empresas”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, do exercicio presupostario do ano 2017.*
3. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo” en:
 1. A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

2. As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDIMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

*Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a autónomos e micropemes (entendidas estas, como persoas xurídicas que teñan unha plantilla inferior a 10 persoas traballadoras e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros) constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego, mediante o emprendemento, fomentando o emprego en entornas colaborativas (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)) entre as persoas traballadoras autónomas e microempresas de Vigo, dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2017**. Están dirixidas a fomentar o emprego e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en entornas colaborativas ofertadas por terceiros na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a colaboración empresarial ou con profesionais independentes doutras actividades, reducindo custes de funcionamento e mellore a información, formación a colaboración e a oferta de servizos empresariais.*

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras e das micropemes, en particular:

- *Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.*
- *Fomentar o uso de entornas colaborativas (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios (coworking)) na cidade, cara á redución de custes e á eficiencia empresarial.*
- *Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornas colaborativas.*
- *Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e ás micropemes, cunha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, na mesma entorna.*
- *Fomentar o traballo empresarial en rede (networking), mediante o compartimento de espazos físicos con outros empresarios e persoas emprendedoras, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.*

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas autónomas e micropemes¹, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

¹ Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros.

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as persoas autónomas e micropemes, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede fiscal e social no termo municipal de Vigo.
2. Estar en situación de alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.
5. A interesada poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.
6. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base oitava desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite o aluguer de espazos de traballo e de espazos para a realización de eventos, para o desenvolvemento das actividades, propias da beneficiaria a unha empresa que teña como finalidade o aluguer de locais a empresas e persoas autónomas, en entornas colaborativas, e teñan o seu emprazamento no termo municipal de Vigo.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de **xaneiro e setembro, ámbolos dous inclusive**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as persoas autónomas e as micropemes, poidan cumprir os fins que lle son propios, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

- Custes de aluguer de espazos de traballo.
- **Custes de aluguer de espazos para a realización de eventos empresariais.**

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

BASE 4ª.- CONTÍA DAS AXUDAS E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Cuantía das axudas:

- Aluguer de espazos de traballo e para eventos puntuais:
 - 80% do importe total, cun máximo de 1.500,00 €

Crédito orzamentario:

- A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2017) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe do aluguer subvencionado.
- A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONES

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, xa que neste caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa a favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

BASE 6ª.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polos solicitantes, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando non sexa un/ha empresario/a autónomo/a ou unha micropeme.

2- Con carácter xeral:

- *Aquelas solicitudes de subvención cando sexan achegadas por persoas físicas ou xurídicas que non estean debidamente inscritas.*
- *Aquelas solicitudes que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.*
- *Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor do solicitante para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nesta convocatoria.*

- En xeral, as solicitudes daquelas persoas físicas ou xurídicas que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Cando a solicitante non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta propondrá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s.
- A non xustificación das subvencións outorgadas no ano 2016 polo procedemento de concorrencia competitiva, a súa xustificación fóra de prazo ou a súa revogación, será causa de desestimación da/s solicitude/s.

BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

- 1.Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da convocatoria.
- 2.Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- 3.Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades e na páxina web e/ou redes sociais da entidade deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo V aprobado nesta convocatoria e que estará á súa disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo, ata a finalización do ano 2017.
- 4.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
- 5.Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- 6.Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
- 7.Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
- 8.Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
- 9.Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 10.Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
- 11.Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

BASE 8ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

- a) **Anexo I “Solicitude”**: Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:
- datos do solicitante
 - datos do/a representante legal
 - endereço electrónico a efectos de notificación
 - endereço
 - datos do proxecto (contía solicitada)
 - lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada de non ter solicitado nin percibido outras polo mesmo concepto de calquera outra administración ou entidade pública ou privada.

e) Anexo VI: Declaración xurada de número de persoas empregadas.

f) Anexo VII: Autorización para a consulta e verificación de datos do Concello de Vigo, para comprobar se a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería de la Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

g) Anexo VIII: Declaración xurada de ser micropeme, só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas traballadoras.

h) DNI ou NIE se o solicitante é empresario individual, ou **CIF** cando se trate de persoas xurídicas.

Non será preciso a súa presentación, no caso do certificado de non ter débedas pendentes coa facenda estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

g) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos do solicitante que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de PAC das AAPP, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados devanditos documentos. En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola solicitante, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órganos competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de

dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84.1 e 94 da Lei 39/2015, de PAC das AAPP.

BASE 9ª.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones, nos termos do art. 30 da LPAC das AAPP (L39/2015).

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16.4 da mesma.

BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Número de empregados: Ata 10 puntos.
 - a) 1º Traballador/a 2 puntos
 - b) Por cada traballador/a máis 1 punto.

2. Empregados/as menores de 30 anos: Ata 10 puntos.
 - a) Por cada traballador/a 2 puntos.

3. Calidade da xustificación en convocatoria anterior: Ata 5 puntos.
 - a) Xustificación superior ao 85% 5 puntos
 - b) Xustificación superior ao 50% e inferior ou igual ao 85% 4 puntos
 - c) Xustificación superior ao 25% e inferior ou igual ao 50% 2 puntos
 - d) Derogación ou renuncia 0 puntos

4. Antigüidade de constitución: Ata 5 puntos.
 - a) Micropeme constiuída ou autónomo dado de alta no 2017 5 puntos
 - b) Micropeme constiuída ou autónomo dado de alta antes do 2017 2 puntos

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

BASE 11ª.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2.- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse de acordo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

7- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de **catro meses**, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterà a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

8- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, con carácter xeral por medio do correo electrónico, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 do PAC das AAPP.

Dende o día seguinte á recepción das notificacións de resolución polas interesadas, ou ben, dende o día seguinte ao envío do correo electrónico ao enderezo da beneficiaria, ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24 da Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

BASE 12ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A beneficiaria antes do 01/11/2017 ou no prazo de un (1) mes a contar dende o remate do aluguer, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

•**Memoria** na que deberá figurar, **como mínimo**, e para cada unha delas, a seguinte información:

➤ Nome da empresa e CIF, ou identificación da persoa autónoma e DNI/NIE.

➤ Sector ao que pertence.

➤ Descrición da actividade empresarial (tamaño e organigrama da empresa, medios e recursos da mesma, produto/s ou servizo/s, segmento/s de mercado ao/s que vai dirixido, canles de distribución, ...).

➤ Importe do financiamento.

➤ Vida laboral actualizada por cada un dos/as empregados/as da solicitude; ou ben, Informe de Vida laboral do Código de conta de cotización da empresa onde figuren as persoas traballadoras coas súas datas de alta/baixa, ... na empresa; ou IDC de cada unha das persoas traballadoras.

➤ *Memoria de prensa e comunicación (web, redes sociais, ...), onde describa os medios nos que se publica ou interactúa cos clientes ou clientes potenciais.*

➤ *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web e redes sociais da entidade ou en calquera outra na que se difunda a subvención concedida, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo.*

• **Conta xustificativa, Anexo IX**, debidamente cuberto e co aporte da documentación que o xustifique e que deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

*A xustificación deberá facerse con documentos **orixinais** pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderaase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros."*

*As facturas, que serán **orixinais**, deberán recoller o nome de empresa, o seu enderezo, o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

No caso de que a beneficiaria non autorizara ao Concello de Vigo, mediante o Anexo VII na Solitude da Subvención, para que o Concello comprobe que a beneficiaria está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a beneficiaria terá que acreditar estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

*Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **fotocopia compulsada da resolución de concesión** das mesmas.*

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

BASE 13ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 01 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desestimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 14ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 15ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Antes de proceder ao pago das subvencións, comprobarase que a entidade beneficiaria está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, tal e como se indica na Base 12ª.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

BASE 16ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- A non achega de documentos **orixinais** pola parte subvencionada (facturas, ...).
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 17ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

BASE 18ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 19ª.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión do proxecto subvencionado."

6(703).- PROPOSTA DE APROBACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES EN CONTORNOS PATRIMONIAIS. EXPTE. 4653/440.

Visto o informe xurídico do 05/07/17 e o informe de fiscalización do 11/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

ANTECEDENTES

"1º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do capítulo "pavimentación de vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.210.00.04 "Convenio Deputación Plan Asfaltados", de acordo a financiación contemplada no CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN

PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 77457/250, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 5 de agosto de 2016 e asinado con data 11 de agosto de 2016.

2º.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento resolveu autorizar a contratación da redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil EF Ingenieros S.L.

3º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3267/443 correspondente ao proxecto de obras "substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais" aprobado pola XGL en sesión do 12 de maio de 2017, de cuxa execución se trata.

O mesmo consta dos seguintes lotes:

- Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais Vigo Centro cun orzamento de 304.246,34 euros (ive incluído)
- Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais Vigo Norte, cun orzamento de 311.508,906 euros (Ive incluído)
- Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais Vigo Sur, cun orzamento de 286.389,66 euros (Ive incluído)

Nos ditos proxectos de obras figuran, como integrantes dos mesmos, os pregos de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Autorización da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 31.01.2017
- b) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 12.05.2017 correspondese co expediente administrativo 3267/443, que inclúen os Pregos de Prescricións Técnicas dos diferentes lotes, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. D. Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estellez
- c) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 23.05.2017
- d) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 23.05.2017
- e) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Xefe de Váis e Obras de data 24.05.2017
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.2017 indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 05 de xullo de 2017.
- h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 05.07.2017 sobre o PCAP.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de

Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras dos proxectos:

- Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais Vigo Centro
- Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais Vigo Norte
- Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais Vigo Sur

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 5 de xullo de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de NOVECIENTOS DOUS MIL CENTO CUARENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (902.144,96€) sendo o importe correspondente ao IVE de 156.570,61€.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.04 "CONVENIO DEPUTACIÓN PLAN ASFALTADOS", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(704).- PROPOSTA DE APROBACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CANCELEIRO, ENTRE RÚAS ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN. EXPTE. 4668/440.

Visto o informe xurídico do 05/07/17 e o informe de fiscalización do 12/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"ANTECEDENTES

1º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do capítulo "pavimentación de vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.6190054 "HUMANIZACIÓN CANCELEIRO"

2º.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento resolveu autorizar a contratación da redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil Ingenia proyectos técnicos S.L.

3º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3421/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 20.04.2017 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 20.04.2017 correspondese co expediente administrativo 3421/443, que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos DNA. María Ferreiro Núñez.
- b) Autorización da Directora xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 16.03.2017 (registro municipal 22.03.2017).
- c) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 29.05.2017.
- d) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 29.05.2017
- e) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipais con data 30.05.2017.
- f) Informe da técnica de administración xeral do departamento de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 20.06.2017.

- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 20.06.2017
- h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 16.06.2017 de data 05.07.2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustificase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA CANCELEIRO, ENTRE ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 20.06.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de DOUSCENTOS DEZA NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (219.688,50€), sendo o importe correspondente ao IVE de 38.127,77€.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.6190054 "HUMANIZACION DA RÚA CANCELEIRO", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(705).- CORRECCIÓN ERROS, ACORDO XGL DO 06/07/17 E.U., EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REPOSICIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL. EXPTE. 3994/440

Dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de área:

"NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

ANTECEDENTES:

Ao proceder a elaborar os anuncios para a súa remisión aos boletíns oficiais no "procedemento aberto para a contratación para a reposición dun ascensor no edificio da Casa do Concello" detectouse un erro na data da sinatura pola Enxeñeira Técnica Industrial do Prego de Prescripcións Técnicas Particulares do citado expediente.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 Lei 39/2015)

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro na data do prego de prescripcións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 06.07.2017.

No mesmo indicábase que a o citado prego fora asinado en data 20.02.2017, cando o mesmo foi asinado en data 21.02.2017.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o punto 3 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 06.07.2017 de aprobación do prego de prescripcóns técnicas particulares do expediente de contratación para a reposición dun ascensor no edificio da Casa do Concello que quedaría coa seguinte redacción:

“Terceiro.- Aprobar o prego de prescripcóns técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial o 21 de febreiro de 2017”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(706).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL DUN/DUNHA OFICIAL MECÁNICO/A, CON CARGO Á VACANTE DA MESMA DENOMINACIÓN CORRESPONDENTE Á OEP 2016, PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 30216/220.

Visto o informe de fiscalización do 11/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área:

"ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 02 de decembro de 2016, expte. 28960/220, procedeu a modificar o acordo adoptado na súa sesión de 08/04/2016, pola que se aprobou a oferta de emprego Público correspondente ao ano 2016, que quedou integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

"a) *Personal funcionario (35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).*

| Nº Vacantes | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda Acceso |
|-------------|--|-------|-----------------|----------------|----------|-------------------------------|
| 1 | Técnico/a Administración Xeral rama xurídica | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Promoción interna |
| 1 | Administrativo/a Administración Xeral | C1 | Admón. Xeral | Administrativa | ----- | Libre |
| 8 | Auxiliar Administración Xeral | C2 | Admón. Xeral | Auxiliar | ----- | 5 Libre e 3 promoción interna |
| 4 | Subalterno/a | E | Admón. Xeral | Subalterna | ----- | Libre |
| 1 | Enxeñeiro/a de Camiños | A1 | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enxeñeiro/a Industrial | A1 | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Diplomado/a Traballo Social | A2 | Admón. | Técnica | Media | Libre |

| Nº Vacantes | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Tanda Acceso |
|-------------|--------------------------------------|-------|-----------------|--------------------|----------------------|-------------------|
| | | | Especial | | | |
| 1 | Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía | A2 | Admón. Especial | Técnica | Media | Libre |
| 1 | Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a | A2 | Admón. Especial | Técnica | Media | Libre |
| 1 | Técnico/a Xestión | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 1 | Técnico/a Relaciones Laborais | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 1 | Técnico/a Medio/a Sistemas | A2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Promoción Interna |
| 2 | Programador/a Informática | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Cometidos Especiais. | Libre |
| 1 | Sarxento Extinción Incendios | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | Promoción Interna |
| 3 | Bombeiro/a | C2 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | Libre |
| 7 | Policía Local | C1 | Admón. Especial | Servizos Especiais | Policía Local | Libre |

b) *Persoal laboral : 23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola **quenda libre**- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, **1 oficial mecánico** e, 2 oficiais coidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).*

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- *Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.*
- *Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservarse para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.*
- *A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual".*

O referido acordo foi publicado no Boletín oficial da Provincia nº 243 de 22 de decembro de 2016 e no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 247 de 28 de decembro seguinte. No Cadro de Persoal orzamentario do Concello de Vigo para o presente ano 2017, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de data 27/12/2016 e, na Relación de postos de Traballo vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 20 de setembro de 2010, e posteriores modificacións, publicada no BOP de 16 de novembro seguinte, figura vacante, entre outras, unha praza de Oficial Conductor en réxime laboral, con posto de igual denominación no Servizo do Parque Móbil, que é necesaria cubrir para garantir o normal funcionamento do mesmo e, a atención e apoio dos servizos esenciais, tal e como se reflicta no escrito de petición anexado ao expediente presentado pola xefatura do Servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 19 de xuño de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de contratación laboral interina á Xunta de Goberno Local dunha praza vacante de Oficial mecánico/a, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, previsto nos artigos 7, 8 e 11 do *Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e normativa de concordante aplicación.*", e 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a referida praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

En cumprimento do ordenado, con data 11/07/2017, polo técnico que subscribe, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas– poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

Neste caso a **contratación interina laboral** efectúase en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016. A referida praza (persoal laboral) xa foi incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 e rectificada en sesión de 2 de decembro de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte e, rectificacións no BOP nº 243 de 22 de decembro de 2016 e DOG nº 247 de 28 de decembro seguinte.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase “por expiración do tempo convido ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo ,ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

Os/as funcionarios/as-contratados/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertencen as vacantes, neste caso (posto cód. 231-Oficial mecánico/a, adscrito ao Servizo de Parque Móbil, cód. 445, programa funcional 920.2, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno

Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición de data 16/06/16, tanto do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e que conta coa conformidade do concelleiro-delegado da Área, que figura no expediente, onde se atopa a vacante, así como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 19 de xuño seguinte no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou acreditado que a cobertura desta praza vacante se corresponde cun caso excepcional para cubrir necesidades de carácter central e transversal e cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento dos Servizos municipais adscritos a área de Fomento e que vai permitir o normal desenvolvemento dos diferentes servizos adscritos a Área, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 3//2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de de xuño urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, tratándose da cobertura dunha praza das incluídas na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, publicada no DOG de 28 de decembro de 2016.

En consecuencia, tratándose dunha competencia distinta das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, trátase polo tanto dun servizo central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do resto dos Servizos municipais adscritos a área de Fomento, polo que se informa favorablemente ao devandito nomeamento interino.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición de data 16/06/17 remitido polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e que conta coa conformidade do concelleiro-delegado da Área, que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación interina** proposta dun/dunha **oficial mecánico/a**, supón un gasto anual de 22.454,74€ (ao que deberá engadirse a cantidade de 8.218,43€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa), e imputarase con cargo a praza vacante existente no Servizo do Parque Móbil Municipal, cód. 445, programa funcional 920.2, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 231-Oficial Mecánico/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade, significando que o custe máximo anual será de **14.058,56€** (dos que **10.291,77€** corresponden a retribucións e, **3.766,79** a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 5 meses e medio.

A xornada laboral do traballador nomeado desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da oferta de emprego público correspondente ao ano 2008 deste Concello, tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dun/dunha praza de Oficial mecánico/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 7 de xuño de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de agosto de 2011, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 8 de xullo anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos dous aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral, segundo o establecido no artigo 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño, do MAP, e normativa de concordante aplicación. Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde a contratación interina como oficial mecánico/a do aspirante que figura na posición núm. **1-D. MANUEL ALONSO ARESES, DNI *****767-Z**, que aceptou expresamente mediante escrito de data 22 de xuño actual, optar a referida contratación interina con cargo a praza vacante, segundo o disposto nos artigos 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores , desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de

decembro, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Cómpre informar que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Así mesmo, no apartado II dos citados criterios contéplase que *"cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo"*.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a **provisión interina** dunha praza de **oficial mecánico/a**, encadrada dentro do **persoal laboral**, asociada a un posto de traballo coa mesma denominación, cód. retributivo 231, actualmente vacante no Servizo de Parque Móbil, cód. 445. e que figura na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vixente na actualidade e, en consecuencia, autorizar o gasto de **14.058,74€** (dos que **10.291,77€** corresponden a retribucións e, 3.766,79 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 5 meses, con cargo ao programa orzamentario 920.0, partida 130.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento, consideradas as urxentes necesidades existentes no Servizo do Parque Móbil acreditadas no expediente administrativo.

SEGUNDO: Contratar interinamente con cargo a referida praza vacante de Oficial Mecánico, á **D. MANUEL ALONSO ARESES, DNI *****767-Z**, na súa condición de seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación, na última convocatoria para a provisión de prazas de oficial mecánico correspondente a oferta de

emprego público do ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e ao abeiro do disposto nos artigos 7 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e, o artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro. Dita contratación non produce efectos, no que respecta ó encadeamento de contratos a que se refire o art. 15.5 do Estatuto dos Traballadores, toda vez que se trata dun contrato de interinidade con cargo a posto vacante que figura na oferta de emprego público correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte, pendente de execución.

TERCEIRO: Dispoñer que ao interesado formalizáraselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 231-oficial mecánico, vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscrito a o Servizo do Parque Móbil, cód. 445, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza de oficial mecánico/a, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

CUARTO: A xornada laboral do traballador nomeado desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao interesado, a Xefe do Parque Móbil, ao Xefe da Area e ao Xefe do Servizo Administrativo da Área de Fomento, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(707).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES SUBALTERNOS/AS, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, TRLEBEP, PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 30202/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área:

"1.- ANTECEDENTES

Con data 2 de xuño de 2017, a Xefa de Subalternos, coa conformidade da Area de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres subalternos/as por mor da situación existente na Unidade pola escaseza de efectivos existentes na mesma para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Reitorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.

En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14 de xuño de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade de Conserxería, nos termos da petición realizada pola súa responsable de data 2 de xuño de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 11/07/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias

consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00 e de 14,30 a 22,00, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Subalternos, que conta coa conformidade da Xefa da Área de Réxime interior de data 2 de xuño de 2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 14 de xuño actual, no que se ordena o inicio do

presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como un servizo público interno, de carácter transversal que vai permitir a atención dos edificios da casa do concello, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das súas actividades e a conseguinte información e atención aos cidadáns, sendo as súas funcións as previstas na guía de funcións do posto de subalterno e, as previstas no artigo 169.1 .e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, considerándose a prestación deste Servizo, dependente da Área de Réxime Interior, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefa de Subalternos en escrito de data 2 de xuño de 2017, conformado pola Xefa da Área de Réxime interior, que figura no expediente.

III. - Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de seis subalternos/as para a Unidade de Conserxería, supón 31387,19 €, dos que 28771,60 corresponden ao ano 2017 e 2615,59 ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 6852,87 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos

IV. - Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do

12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de 11 prazas de subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión das súas prazas como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro seguinte, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/das 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 11/07/2017, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como subalternos/as dos/das aspirantes que figuran nas posicións núms. **23-FERNÁNDEZ GIL, ANDRÉS, DNI ****006-L, 28-RODRÍGUEZ PRIETO, SILVIA, DNI ****207-G e 40-COMESAÑA QUINTELA, MARÍA EUGENIA, DNI ****911-Q**, que aceptaron expresamente mediante escritos de data 15 de xuño actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e

condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade de Conserxería, contidas no escrito do 2 de xuño de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **31387,19 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. FERNÁNDEZ GIL, ANDRÉS, DNI ****006-L**, **D^a. RODRÍGUEZ PRIETO, SILVIA, DNI ****207-G** e **D^a. COMESAÑA QUINTELA, MARÍA EUGENIA, DNI ****911-Q**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscritos/as á Unidade de Conserxería (cód. 201), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10,6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa da Área de Réxime Interior, á Xefa de Subalternos, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(708).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS COIDADORES/AS,, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, TRLEBEP, PARA O SERVIZO DE VIGOZOO. EXPTE. 29887/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área:

"ANTECEDENTES

O Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo en escrito de data 20 de abril de 2017, conformado pola Concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable, solicita a contratación ou nomeamento interino de dous/dúas oficiais coidadores/as debido á necesidade urxente de cubrir as necesidades básicas para o mantemento do Parque a causa da falta de persoal.

En resposta a esta petición o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 02 de maio de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local de dous/dúas oficiais coidadores/as mantemento, vixianza e control por acumulación de tarefas solicitados, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Parque Zoolóxico contidas no escrito de petición.

En cumprimento do ordenado, con data 11/07/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de

funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 689-Oficial coidador/a, mantemento, vixianza e control), adscrito ao Servizo de Vigo-Zoo, cód. 612 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá e/ ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento para o presente ano 2017.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición tanto do Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 02/05/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, ao tratarse dunha competencia que aínda sendo distinta das propias e das atribuídas por delegación, non se entenderá como exercicio de novas competencias, ao consistir na continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, ao amparo do disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, dacordo co establecido na Instrución 1/2014 da Intervención Xeral Municipal e nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220).

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo en escrito de data 20 de abril de 2017, conformado pola Concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable, que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas oficiais coidadores/as para Vigo-Zoo, supón un gasto de 23.906,94€, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 8.839,56€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 689-Oficial coidador, mantemento, vixianza e control), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

A xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá e/ ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento para o presente ano 2017.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segun consta no informe técnico-económico, neste intre a única lista de substitucións vixente nesta categoría profesional foi aprobada polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, na sesión de 27/12/2013, figurando na acta do tribunal de data 17 de xuño de 2014 a correspondente proposta de contratación das dúas primeiras aspirantes da lista, D^a. Ana Vázquez Iglesias e D^a. Cristina González Álvarez, que formalizaron contrato laboral temporal de relevo en data 02 e 01 de xullo de 2014, estando previsto o seu remate en datas 02 e 11 de outubro de 2017.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 8 aspirantes que integran a lista de vinculacións temporais segundo as bases da convocatoria.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 11/07/2017, seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran neste Área, corresponde o nomeamento como oficiais coidadoras de vixilancia, mantemento e control das aspirantes que figuran nas posicións núm. 2-Amaro Álvarez, Susana, con DNI *****351-R e, núm. 3-Rodríguez Paz, Beatriz, con DNI *****337-E, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que as aspirantes propostas, Sras. Amaro Álvarez e Rodríguez Paz, prestaron servizos neste Concello durante o período comprendido entre o 28/04/16 e o 27/10/16, como funcionarias interinas por acumulación de tarefas como oficiais coidadoras, expte. 27816/220, polo que dende o día 28 de abril de 2017, data na que cumpriron o período mínimo de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento, están en condicións de ser novamente nomeadas. Ramos Martínez, Ivan Julio, DNI 53.300.224-R, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Asimesmo, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores, esixírase con carácter previo á toma de posesión, a certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia do nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais coidadores/as de vixilancia, mantemento e control de Vigo-Zoo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigo-Zoo, contida no escrito remitido polo Director de Réxime Interior de Vigozoo conformado pola concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 20 de abril de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 23.906,94€, xunto cos custes de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a. SUSANA AMARO ÁLVAREZ**, con DNI *****351-R e, **D^a. BEATRIZ RODRÍGUEZ PAZ**, con DNI *****337-E, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Oficiais coidadores/as de vixilancia, mantemento e control de Vigo-Zoo, incluídas na relación dos/as 8 aspirantes que integran a lista de vinculacións temporais que consta en acta do tribunal de data 17 de xuño de 2014 segundo as bases da convocatoria, aprobada polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, en sesión do 27/12/2013, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Con carácter previo á toma de posesión, deberán achegar a certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do EBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 689-Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia de Vigo-Zoo, sen prexuízo de que

conformidade co disposto no artigo 10.6 do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das traballadoras nomeadas desenvolverase de luns a domingo dacordo coa xornada de Vigo-Zoo, en horario de mañá e/ou tarde atendendo ás necesidades do Servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, ao Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(709).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SETE AUXILIARES DE ADMON. XERAL, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, TRLEBEP, PARA DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 30212/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área:

"ANTECEDENTES.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a vista das necesidades de persoal administrativo existentes nos diferentes servizos municipais, ditou instrución de servizo en data 15 de xuño pasado, autorizando o urxente nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos diferentes servizos e unidades administrativas deste Concello.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade. Significar que en sesión extraordinario urxente do 27 de abril de 2017, aprobouse o “documento unificado da relación de postos de traballo municipal para inserción no portal de transparencia”. Eppte. Administrativo 29473/220.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo

correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 15 de xuño de 2017, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe técnico económico que consta neste expediente 30212/220, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 3/2017/2015, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como un servizo público interno, de carácter transversal, ao tratarse de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das actividades do propio Concello e a conseguinte información e atención aos cidadáns, sendo as súas funcións as previstas na guía de funcións do posto de auxiliar de administración xeral, as previstas no artigo 169.1 .e) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

En consecuencia, trátase dun servizo central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do resto dos Servizos e Unidades Administrativas municipais, polo que se informa favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

III.- Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de sete auxiliares de administración xeral para diferentes servizos municipais, supón un gasto de **79.238,04 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de 24.635,38 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

IV.- Verificación das listas de reserva

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases reitoras das distintas prazas incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010 e 2011, que foron publicadas no DOG nº 240 de 18 de decembro de 2012. Así mesmo, na súas sesións de datas 05/12/2013 e 13/12/2013 adoptou acordo polo que se aprobaron as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran a segunda fase da dita oferta de emprego público, e foron publicadas no DOG nº 245 de 24 de decembro de 2013.

No apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais da convocatoria, último parágrafo, establecíase que *"As/os candidatas/os, que, non tendo superado o proceso selectivo, aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poderen ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, segundo o establecido no artigo 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño, do MAP, e normativa de concordante aplicación."*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da *Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.*

En consonancia co anterior, infórmase que en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de catro prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 16 de xaneiro de 2017 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarias de carreira con data 2 de febreiro de 2017, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 45 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 08 de febreiro de 2017, aprobou a creación das listas de reserva derivadas da execución da Oferta de Emprego correspondente aos anos 2010-2011 que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do TRLEBEP como **auxiliares de administración xeral**, diplomados/as en traballo social e oficiais condutores/as, expte. 29414/220.

Seguindo estritamente a orde desta lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, salvo erro ou omisión, das aspirantes núms. 44-D^a. M^a. CARMEN ALONSO OTERO, con DNI núm.*****547Q, e 36-D^a. M^a. JOSÉ QUINTÁNS ACUÑA, con DNI *****774-Y que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Neste intre non existen mais candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello, presentaron renuncia voluntaria por mellora de emprego, ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

Seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, salvo erro ou omisión, as aspirantes núms. 8-D^a. PATRICIA MARTINS GARBÍN, con DNI núm.*****082N, 21-D^a. RAQUEL PORTELA TEJERO, con DNI *****388-M, 46-D^a. BEATRIZ FERNÁNDEZ IGLESIAS, con DNI núm. *****544-D, 47-D^a. TERESA M^a. FERNÁNDEZ LÓPEZ, con DNI núm. *****312-N e núm. 49-D^a. BEATRIZ ALONSO UGARTE, con DNI núm. *****629-K, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron tamén nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a totalidade das aspirantes propostas, remataron o seu último nomeamento como auxiliares administrativas neste en concello dende fai máis de seis meses, polo que na actualidade están en condicións de ser novamente nomeadas.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das

delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e, 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de sete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral, por acumulación de tarefas, por un período máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos diferentes servizos municipais, contidas na instrución de servizo da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 15 de xuño de 2017, que figura no expediente e, en consecuencia, autorizar o gasto dpor importe de **79.238,04€**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como **auxiliares de administración xeral**, por un período máximo de seis meses, á **D^a. M^a. CARMEN ALONSO OTERO**, con DNI núm. ****547Q, **D^a. M^a. JOSÉ QUINTÁNS ACUÑA**, con DNI núm. ****774-Y, **D^a. PATRICIA MARTINS GARBÍN**, con DNI núm. ****082N, **D^a. RAQUEL PORTELA TEJERO**, con DNI núm. ****388-M, **D^a. BEATRIZ FERNÁNDEZ IGLESIAS**, con DNI núm. ****544-D, **D^a. TERESA M^a. FERNÁNDEZ LÓPEZ**, con DNI núm. ****312-N e, **D^a. BEATRIZ ALONSO UGARTE**, con DNI núm. ****629-K, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición libre de prazas de auxiliar de administración incluídas na OEP correspondente aos anos 2010-2011 e/ou, do último proceso de selección de persoal (lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015) e, no disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritos/as entre outros, ao Servizo de Benestar Social, Desenvolvemento Local e Emprego, Montes, Parques e Xardíns e, Estatística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario, e que en todo caso garanta ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de

traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ás aspirantes nomeadas, ao Xefes/as dos Servizos aos que sexan adscritas ás interesadas, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(710).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, TRLEBEP, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 29903/220.

Visto o informe de fiscalización do 11/07/17, dáse conta do informe-proposta do 10/07/17, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área:

"1.- ANTECEDENTES

Con data 07 de marzo de 2017, a Xefa do Servizo de Benestar Social, coa conformidade do Xefe da Área e da Concelleira-Delegada da área de Política Social, remite oficio, no que expoñen as necesidades inmediatas de persoal, reiterando a necesidade de dotar ao Servizo dos medios humanos necesarios que garantan a prestación do servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 02 de maio de 2017, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urgente nomeamento interino de dous/dúas diplomados/as en traballo social por acumulación de tarefas solicitados, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude da súa Xefa do Servizo que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 07 de marzo de 2016.

Consta no expediente de aprobación deste expediente a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer das dúas funcionarias interinas nomeadas.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo social), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Benestar Social que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 07 de marzo de 2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 02/05/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) e 26,3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da Xefatura de Benestar Social que así mesmo conta coa conformidade da Concelleira-delegada de Política Social de data 07/03/2017.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o snomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dúas diplomadas en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de 37.337,04€, e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 12.227,19€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 81-Diplomado/a en traballo social), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente" do vixente orzamento para o presente ano 2017.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Na última Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quedando un total de quince aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, pasaron a formar parte dunha lista de substitucións, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP), pero que posteriormente foron nomeadas interinamente con cargo a praza vacante, interinas por acumulación de tarefas (art. 10.1 d), contratadas laboralmente por obra ou servizo determinado, nalgún caso ou ben renunciaron a posibilidade de se-lo, polo que na actualidade a referida lista atópase esgotada.

Sendo necesaria dispoñer dunha lista que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (derrogado na actualidade polo artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), como Diplomados/as en Traballo Social, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 2 de maio de 2011, adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo que permita os referidos nomeamentos, que foron publicadas no BOP de data 31/05/2011. Neste intre os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello, presentaron renuncia voluntaria por mellora de emprego, ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que tamén atópase esgotada.

Consecuencia do anterior, procede recorrer á nova lista resultante da Bolsa de Emprego de Diplomados/as en Traballo Social formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

Segundo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran neste Área, corresponde o nomeamento como Diplomados/as en Traballo Social das aspirantes nºs **21-Dª. EVA DE CABO QUINTELA, DNI 44.498.964-J** e, **15-Dª. LUZ MARÍA VÁZQUEZ MACÍAS, DNI 36.140.852-D**, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as aspirantes propostas como Diplomadas en Traballo Social D^a. Eva de Cabo Quintela e D^a. Luz María Vázquez Macías, levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas en data 15/09/2016 e 20/09/2016, expte. 27778/220 , polo que dende o mes de marzo do presente ano están en condicións de ser novamente nomeadas.

Significar que nas bases da Bolsa de Emprego, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 2 de maio de 2011, acordouse expresamente que “os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade o mesmo artigo do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), e normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como **Diplomadas en Traballo Social**, por un período máximo de seis meses, á **D^a. EVA DE CABO QUINTELA, DNI 44.498.964-J e, D^a. LUZ MARÍA VÁZQUEZ MACÍAS, DNI 36.140.852-D,** na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última bolsa de emprego autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 16/01/2015 e, no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

SEGUNDO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TRELBE, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód.

301), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

TERCEIRO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

CUARTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, a Xefa do Servizo e ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(711).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, TRLEBEP, COMO OFICIAIS DESINFECCIÓN. EXPTE. 30297/220.

Visto o informe de fiscalización do 11/07/17, dáse conta do informe-proposta do 11/07/17, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área:

"Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais de Instalacións municipais, oficiais Coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, **oficial Desinfectador**, Oficiais Electricista, Oficiais Ferreiros, Oficiais Fontaneiros, Oficiais Xardineiros e Operadores/as Informáticos, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº64 en data 31 de marzo de 2017.

Na base IV da convocatoria, último parágrafo, establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, adoptou acordo de aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- *supostos de incapacidade temporal (IT);*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, adoptou acordo de modificación puntual dos referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 10 de xullo de 2017, formulou a correspondente proposta dos/as opositores/as aptos/as para confeccionar a bolsa de emprego de oficial Desinfector/a, segundo a seguinte relación:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EX. | 2º EX. | 3º EX. | TOTAL |
|----|------------------|--------------|-----------|--------|--------|--------|--------|
| 1 | COUSO SANCHEZ | VICTOR | *****974T | 6,67 | 9,400 | 2,000 | 18,070 |
| 2 | PEREZ TIZON | TAMARA | *****959Y | 8,33 | 7,500 | 2,000 | 17,830 |
| 3 | RODRIGUEZ TORRES | JAVIER | *****552Q | 8,33 | 7,300 | 2,000 | 17,630 |
| 4 | ARGIBAY CUSI | BORJA | *****749W | 8,33 | 7,200 | 2,000 | 17,530 |
| 5 | MARCOS FERNANDEZ | ROI | *****364N | 7,33 | 8,000 | 2,000 | 17,330 |
| 6 | PEREZ BARREIRO | GONZALO | *****841G | 8,50 | 7,000 | 1,450 | 16,950 |
| 7 | TORRES CEBALLOS | VICTOR JULIO | *****975A | 6,83 | 9,500 | 0,200 | 16,530 |
| 8 | ARAUJO RODRIGUEZ | MARIA SALOME | *****647P | 7,50 | 7,000 | 2,000 | 16,500 |

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EX. | 2º EX. | 3º EX. | TOTAL |
|----|---------------------|------------------|-----------|--------|--------|--------|--------|
| 9 | VAZQUEZ CASTRO | JOSE LUIS | *****740V | 6,83 | 7,500 | 2,000 | 16,330 |
| 10 | ALONSO VIDAL | TOMÁS | *****038S | 7,83 | 6,500 | 2,000 | 16,330 |
| 11 | CARRERA FERREIRA | JOSE ANTONIO | *****220M | 7,83 | 6,400 | 2,000 | 16,230 |
| 12 | GONZALEZ GOMEZ | JUAN LUIS | *****626X | 6,67 | 7,500 | 2,000 | 16,170 |
| 13 | BASTOS VILLAR | PURIFICACION | *****578B | 6,33 | 7,700 | 2,000 | 16,030 |
| 14 | VAZQUEZ ARAUJO | JUAN JOSE | *****652K | 6,00 | 8,000 | 2,000 | 16,000 |
| 15 | ARAUJO PREGIGUEIRO | YOLANDA | *****237V | 6,50 | 7,500 | 2,000 | 16,000 |
| 16 | ABREU ALONSO | ADRIAN | *****263V | 7,67 | 6,300 | 2,000 | 15,970 |
| 17 | SANCHEZ FIGUEROA | JAVIER | *****791D | 5,83 | 8,100 | 2,000 | 15,930 |
| 18 | IGLESIAS PEIXOTO | JUAN MIGUEL | *****597R | 6,50 | 7,375 | 2,000 | 15,875 |
| 19 | QUINTEIRO DOMINGUEZ | TERESA | *****920N | 7,50 | 6,000 | 2,000 | 15,500 |
| 20 | CERNADAS VILLAR | HECTOR | *****953Z | 8,00 | 5,000 | 2,000 | 15,000 |
| 21 | MEIRA SUÁREZ. | JOSÉ MANUEL | *****486M | 5,17 | 7,500 | 2,000 | 14,670 |
| 22 | NOVO GONZALEZ | RAMON | *****899L | 6,00 | 6,500 | 2,000 | 14,500 |
| 23 | AREAN MOSQUERA | JOSE LUIS | *****542Z | 6,67 | 5,625 | 2,000 | 14,295 |
| 24 | COMESAÑA PIRES | ANTONIO | *****100G | 5,50 | 6,600 | 2,000 | 14,100 |
| 25 | CASTRO DUARTE | ALFREDO BAUTISTA | *****019F | 6,17 | 5,900 | 2,000 | 14,070 |
| 26 | CARNERO CAMPOS | OSCAR | *****846Y | 5,50 | 6,525 | 2,000 | 14,025 |
| 27 | RODRIGUEZ RODRIGUEZ | MARCOS | *****991H | 6,17 | 5,750 | 2,000 | 13,920 |
| 28 | ASENSIO RODRIGUEZ | ADONIS | *****447K | 5,67 | 6,125 | 2,000 | 13,795 |
| 29 | BERMUDEZ GARCIA | PATRICIA | *****929N | 5,33 | 6,375 | 2,000 | 13,705 |
| 30 | ABALDE COSTA | ANGEL | *****096L | 6,67 | 5,000 | 2,000 | 13,670 |
| 31 | REY PATIÑO | ANTON | *****409A | 6,00 | 5,625 | 2,000 | 13,625 |
| 32 | GARCIA VELOSO | CARLOS | *****888K | 6,50 | 5,000 | 2,000 | 13,500 |
| 33 | VAZQUEZ CACERES | ADRIAN JUAN | *****055V | 7,00 | 6,000 | 0,450 | 13,450 |
| 34 | FOUZ ARES | MARIA JESUS | *****869Q | 5,83 | 5,500 | 2,000 | 13,330 |
| 35 | FERNÁNDEZ IGLESIAS | ELIGIO MANUEL | *****546A | 5,83 | 5,000 | 2,000 | 12,830 |
| 36 | NAVIA AIDO | JOSE MANUEL | *****354A | 5,50 | 5,000 | 2,000 | 12,500 |
| 37 | MERA AIRA | ARTURO | *****670Q | 5,33 | 5,125 | 2,000 | 12,455 |
| 38 | SAAVEDRA GONZALEZ | AUREA | *****224B | 5,33 | 6,175 | 0,850 | 12,36 |

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Oficiais Desinfectores/as, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais Desinfectores/as, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 10 de xullo de 2017, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EX. | 2º EX. | 3º EX. | TOTAL |
|----|---------------------|------------------|-----------|--------|--------|--------|--------|
| 1 | COUSO SANCHEZ | VICTOR | *****974T | 6,67 | 9,400 | 2,000 | 18,070 |
| 2 | PEREZ TIZON | TAMARA | *****959Y | 8,33 | 7,500 | 2,000 | 17,830 |
| 3 | RODRIGUEZ TORRES | JAVIER | *****552Q | 8,33 | 7,300 | 2,000 | 17,630 |
| 4 | ARGIBAY CUSI | BORJA | *****749W | 8,33 | 7,200 | 2,000 | 17,530 |
| 5 | MARCOS FERNANDEZ | ROI | *****364N | 7,33 | 8,000 | 2,000 | 17,330 |
| 6 | PEREZ BARREIRO | GONZALO | *****841G | 8,50 | 7,000 | 1,450 | 16,950 |
| 7 | TORRES CEBALLOS | VICTOR JULIO | *****975A | 6,83 | 9,500 | 0,200 | 16,530 |
| 8 | ARAUJO RODRIGUEZ | MARIA SALOME | *****647P | 7,50 | 7,000 | 2,000 | 16,500 |
| 9 | VAZQUEZ CASTRO | JOSE LUIS | *****740V | 6,83 | 7,500 | 2,000 | 16,330 |
| 10 | ALONSO VIDAL | TOMÁS | *****038S | 7,83 | 6,500 | 2,000 | 16,330 |
| 11 | CARRERA FERREIRA | JOSE ANTONIO | *****220M | 7,83 | 6,400 | 2,000 | 16,230 |
| 12 | GONZALEZ GOMEZ | JUAN LUIS | *****626X | 6,67 | 7,500 | 2,000 | 16,170 |
| 13 | BASTOS VILLAR | PURIFICACION | *****578B | 6,33 | 7,700 | 2,000 | 16,030 |
| 14 | VAZQUEZ ARAUJO | JUAN JOSE | *****652K | 6,00 | 8,000 | 2,000 | 16,000 |
| 15 | ARAUJO PREGIGUEIRO | YOLANDA | *****237V | 6,50 | 7,500 | 2,000 | 16,000 |
| 16 | ABREU ALONSO | ADRIAN | *****263V | 7,67 | 6,300 | 2,000 | 15,970 |
